

Instruccións para a xestión das ACCIÓN INTEGRADAS

(Ver información no web do Ministerio de Educación y Ciencia:)

<http://www.mec.es/ciencia/rrhh/>

Desde o ano 2003 as axudas recibidas a través das convocatorias de Accións Integradas do Ministerio de Educación e Ciencia son xestionadas de xeito similar ao resto de proxectos de investigación. Entre as súas características específicas destacamos:

- A xestión dos fondos farase de xeito descentralizado, creando **unha partida orzamentaria para cada acción**, as cales serán xestionadas nos centros de gasto
- Desde a convocatoria 2004 os fondos non veñen distribuídos por anos nin por conceptos. O investigador principal pode utilizar, segundo o seu criterio, a subvención concedida para as viaxes e estadias que considere oportunos, sen outro límite que as cantidades estipuladas na normativa de axudas de custo e locomoción.
- Para facer uso dos fondos utilizarase o procedemento habitual, cubrindo o impreso de "AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN" e entregándoo ó Responsable de Asuntos Económicos do Centro. As cantidades máximas a abonar por cada estadia (manutención e aloxamento) son as que veñen establecidas na normativa en función do grupo e do país de destino. Os gastos de viaxe poderán abonarse na súa totalidade.
- Calquera modificación nas condicións inicial de concesión (por exemplo, cambios no equipo investigador) deben ser solicitadas polo investigador responsable á *Dirección General de Investigación* do MEC, a través da OIT
- A duración das accións integradas é de dous anos. Excepcionalmente pode solicitarse (sempre antes do 31 de outubro do ano en que finaliza) unha prórroga de 3 meses. A solicitude presentarse na OIT para o seu envío posterior á *Dirección General de Investigación* do MEC, que é quen resolve.
- Nos tres meses seguintes á finalización da acción deberá presentarse unha **MEMORIA FINAL** (nun modelo que o MEC poñerá na súa web). Esta memoria debe enviarse á Oficina de Investigación e Tecnoloxía, quen a remitirá ó Ministerio. A NON PRESENTACIÓN da MEMORIA FINAL pode dar lugar á obrigatoriedade de devolver os fondos concedidos.

Información na web da Oficina de Investigación e Tecnoloxía

[USC > Investigación > OIT > Xestión de Actividades > Xestión Económica](#)

NORMATIVA:

BASES 2005: Orde ECI/729/2005 (BOE do 24 de marzo de 2005)

CONVOCATORIA 2005: Resolución de 12 de abril de 2005 (BOE do 21 de abril de 2005)

BASES E CONVOCATORIA 2004: Orde ECI/1231/2004 (BOE do 7 de maio de 2004)

CONVOCATORIA 2003: Orde do MICYT de 27 de marzo de 2003 (BOE do 2 de abril de 2003)

OUTROS: Resolución de 2 de xaneiro de 2002 da Secretaría de Estado de Presupostos (BOE do 3/1/2002). Importes das axudas de custo e locomoción (consultar a RAE).